



## BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024.

### ACTA II. PROPOSTA DEFINITIVA DE CONCESIÓN.

Reúnense no Concello de Cee, o día 11/07/2024 ás 12:00 horas, os integrantes do comisión avaliadora, para proceder á revisión das solicitudes presentadas á convocatoria de subvencions para actividades culturais mediante libre concorrencia competitiva Concello de Cee 2024 (BOP nº 47 de 6/03/2024)

1.- Asisten os membros da comisión que se detallan:

Presidente: Victor Manuel Castiñeira Castro\*  
Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán  
Vogal: Manuel Calo Canosa

\* asistencia telemática.

2.- Visto o informe do rexistro municipal de data 14/06/2024 en relación á proposta provisional de concesión de subvencions publicada con data 20/04/2024 que indica que "No prazo conferido para presentación de reclamacións a dita acta por parte dos interesados, do 21/05/2024 ao 03/06/2024, ámbalas datas inclusive, non consta no rexistro ningún asento que faga referencia á cuestión que se formula"

3.- Procédese á elevar a definitiva a valoración das solicitudes co seguinte detalle:

ENTIDADE	VALORACIÓN									
	Profesores	Alumnos	Evento	Actividades	Antigüidade	Socios	Ant. Evento	Colaboración	Punt. Total	% Punt.
Asoc. Terra de Sena	10,00	10,00	10,00	5,00	9,50	4,00	10,00	7,50	66,00	9,08%
Asoc. Os Enxominados	5,00	10,00	-	2,50	-	2,35	-	7,50	27,35	3,76%
Asoc. Coral Polifónica Costa de Morte	10,00	10,00	20,00	1,25	6,50	6,00	10,00	15,00	78,75	10,83%
Asoc. Amigos da Banda de música	-	-	20,00	-	6,50	10,00	5,20	7,50	49,20	6,77%
Asoc. Fumes do Cal	-	-	10,00	1,25	9,50	10,00	0,40	-	31,15	4,29%
Asoc. Pedras Miúdas	10,00	10,00	20,00	5,00	7,50	5,95	4,40	15,00	77,85	10,71%
AAVV Toba	10,00	10,00	-	2,50	6,00	5,00	-	15,00	48,50	6,67%
AAVV Caldeiras	-	-	10,00	-	6,00	5,00	4,00	-	25,00	3,44%
Asoc. Pan de Raposo	10,00	10,00	10,00	2,50	10,00	6,25	8,80	-	57,55	7,92%
Asoc. Paseniño	-	-	30,00	-	1,50	10,00	2,80	-	44,30	6,09%
Asoc. Banda de música	10,00	10,00	-	5,00	9,50	2,50	-	15,00	52,00	7,15%
SDC Brens	5,00	7,50	30,00	1,25	10,00	5,00	10,00	7,50	76,25	10,49%
Asoc. Novas Xuventudes	-	-	20,00	-	7,50	0,25	6,40	-	34,15	4,70%
Asoc. Cult. San Antonio	-	-	10,00	-	2,00	0,35	10,00	-	22,35	3,07%
Asoc. Recr.Dep.Cult. S.Adrián Toba	-	-	20,00	-	3,50	0,35	5,20	7,50	36,55	5,03%



4.- Visto o escrito da Asociación de familias de nenos con necesidades especiais PASENIÑO de data 29-04-2024 e nº de rexistro de entrada 202499900000630 indicando:  
"Que a asociación de Familias de nenos con necesidades especiais PASENIÑO, renuncia a subvención para actividades culturais mediante libre concurrencia. Referencia 202499900000 presentada o día 5/03/2024, por incompatibilidade con outra subvención do concello"

Acórdase a aceptación da renuncia presentada.

5.- Vistas as puntuacións obtidas por cada entidade, acórdase realizar a seguinte proposta definitiva de concesión:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN PROPOSTA
A.R.C.E. PEDRAS MIUDAS	G70184544	2.000,00
ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL BRENS	G15114267	2.000,00
CORAL POLIFONICA COSTA DA MORTE	G70218961	2.000,00
ASOCIACIÓN TERRA DE SENA	G15109911	1.883,42
ASOCIACIÓN MICOLÓXICO NATURALISTA PAN DE RAPOSO	G15791403	1.642,29
ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA DE CEE	G15948375	1.483,91
ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA DE CEE	G70268479	1.404,01
ASOCIACIÓN VECIÑAS E VECIÑOS SAN ADRIAN DE TOBA	G70300983	1.384,03
ASOC RECR DEP E CULT COMISION DE FESTAS DE SAN ADRIAN DE TOBA	G70483417	1.043,02
ASOCIACIÓN DEPORTIVA NOVAS XUVENTUDES	G70169552	974,53
SDCR FUMES DO CAL	G15696644	888,92
ASOCIACIÓN OS ENJOMINADOS	G44879906	780,48
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE GURES "AS CALDEIRAS"	G70293410	713,42
ASOCIACIÓN SAN ANTONIO XALLAS	G70600671	637,80

6. Segundo establecen as bases da convocatoria:

## 12. Xustificación e pagamento.

12.1. Consideracións xerais.

**A documentación presentárase no rexistro xeral do Concello de Cee** en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

Consonte ao artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique:

- Sexa igual ou superior ao importe concedido, aboaráse o 100% da subvención.
- Sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, aboaráse unicamente o gasto xustificable, véndose minorada a cantidade a percibir.



c. Sexa inferior ao 50%, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade algunha.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concurrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

## 12.2. Prazo de xustificación.

O prazo de presentación dos xustificantes rematará o 15 de outubro de 2024, se ben antes de rematar o prazo, poderase ampliar por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido (inicial ou prorrogado), comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

En calquera caso, o 31 de decembro de 2024, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

O Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo responsable da tramitación.

## 12.3. Documentación xustificativa a presentar:

A xustificación formalizarase nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>

- Anexo 5. Solicitude de aboamento da subvención concedida.
- Anexo 6. Declaración doutras axudas 2024.
- Anexo 7. Orzamento de ingresos e gastos 2024.
- Anexo 8. Memoria de actividades 2024.
- Anexo 9. Relación clasificada de gastos presentados 2024.
- Documentación complementaria:
  - Certificado da conta bancaria da entidade.
  - Certificados de estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e Concello de Cee (éste último consultarase de oficio pola entidade local, non sendo precisa a súa presentación).
  - Facturas ou documentos orixinais polo importe concedido e xustificantes bancarios do seu pago. (No caso de presentar os gastos de persoal como xustificantes será preciso xuntar: contrato en vigor, informe de vida laboral, nóminas e TC2 Seg. Social).
  - Acreditación do uso do logotipo do Concello de Cee en cartelería, web, redes



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

- sociais, outras.

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión sendo as 12:15 horas.

Asdo.. Víctor Manuel Castiñeira Castro. Presidente  
Asdo. Juan Carlos Santabaya Louzán. Secretario  
Asdo.: Manuel Calo Canosa. Vogal